

O prazo de admisión  
de fotografías rematará  
o día 22 de febreiro de 2019,  
ás 24 h



Enviade as fotografías  
ao enderezo electrónico  
[anpascompostela@gmail.com](mailto:anpascompostela@gmail.com)



FOTOGRAFÍAS POLA IGUALDADE



1º CONCURSO

FEDERACIÓN GALEGA  
DE ANPAS COMPOSTELA



### CONVOCATORIA E PARTICIPACIÓN

1. A Federación de ANPAs Compostela convoca o I Concurso de Fotografía co obxectivo de que o alumnado dos centros de primaria, secundaria e bacharelato plasmen nunha fotografía como ven a igualdade en calquera ámbito da vida e promover a reflexión.
2. As imaxes irán acompañadas dun **título** e un **pequeno texto explicativo** do que representa.
3. Cada participante presentará un máximo **DUNHA fotografía**.
4. As fotografías deben ser **orixinais e inéditas** e non poden ter sido premiadas en concursos anteriores nin publicadas en ningún tipo de soporte.
5. A Federación Galega de ANPAs Compostela resérvase o dereito a eliminar do concurso aquelas fotografías que induzan, inclúan ou teñan relación directa ou indirecta con calquera tipo de violencia ou que fagan publicidade de calquera tipo de marca ou negocio.
6. A falta de veracidade, a incorrección nos datos proporcionados polas persoas participantes, a falta de autoría ou orixinalidade, a xuízo do xurado, permitirán a Federación de ANPAS Compostela a súa exclusión do concurso.
7. As fotografías pasarán a ser propiedade da Federación de ANPAs Compostela, que adquirirá o dereito pleno á súa utilización.



### REQUISITOS PARA PARTICIPAR

1. Poderá participar calquera alumna ou alumno dos colexios e institutos cuxa ANPA estea federada na FEDERACION DE ANPAS COMPOSTELA
2. Enviará a fotografía en **formato TIF, PNG ou JPEG** de **máxima calidade**, cun tamaño máximo de 5MB ao enderezo electrónico: **anpascompostela@gmail.com** indicando os seguintes datos:
  - Asunto: CONCURSO FOTOGRÁFICO POLA IGUALDADE – FANPA COMPOSTELA 2019
  - Nome e apelidos (tanto do pai/nai/titor/titora legal e do neno ou nena en caso de Primaria)
  - Curso
  - Título e breve texto explicativo da imaxe
  - Enderezo electrónico e teléfono de contacto (do pai/nai/titor/titora legal no caso de Primaria)
  - Enviará a foto que concurse como documento adxunto.

### PRAZOS DE PARTICIPACIÓN

O prazo de admisión de fotografías rematará ás 24 h do día 22 de febreiro de 2019.

### PREMIOS

Haberá distintos premios segundo a categoría, primaria, secundario ou bacharelato, que se materializarán nun cheque agasallo para adquisición de material escolar, polas seguintes contías:

### EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1º PREMIO: 100 €
- 2º PREMIO: 75 €
- 3º PREMIO: 50 €

### EDUCACIÓN SECUNDARIA

- 1º PREMIO: 100 €
- 2º PREMIO: 75 €
- 3º PREMIO: 50 €

### BACHARELATO

- 1º PREMIO: 100 €
- 2º PREMIO: 75 €
- 3º PREMIO: 50 €

### XURADO

O xurado estará composto por profesionais do mundo da fotografía, deseño, igualdade, docentes, ... que escollerá a Directiva e a Comisión de Igualdade da Federación de ANPAS  
A resolución do concurso darase a coñecer directamente a quen acade os premios e nos **taboleiros dos centros** uns días antes da entrega dos mesmos.

